


PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR



IES O MOSTEIRÓN

I.- INTRODUCCIÓN.....	3
1. Lexislación.....	3
2. Clasificación do comedor.....	3
3. Horario do comedor.....	4
4. Funcións do persoal colaborador de atención e apoio ao alumnado.....	4
5. Funcións do persoal de cociña do servizo de comedor.....	4
6. Funcións do encargado de comedor.....	5
7. Funcións do director do Centro.....	5
8. Comisión do servizo de comedor.....	6
II.- OBXECTIVOS.....	6
1. Educación para a saúde.....	6
2. Educación para a convivencia.....	7
III.- NORMAS DE CONVIVENCIA.....	7
1. Normas xerais.....	8
2. Normas específicas de uso do comedor.....	8
IV.- TEMPO DE LECER.....	10
V.- PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS.....	10
VI.- FALTA DE ASISTENCIA AO COMEDOR ESCOLAR.....	11
VII.- USO DO COMEDOR ESCOLAR POR ALUMNOS PROCEDENTES DE OUTROS CENTROS.....	11
VIII.- PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN EN CASO DE COMIDA SOBRANTE.....	12
IX.- REDE DE ECOCOMEDORES ESCOLARES.....	12
X.- MENÚ BASE.....	13

I.-INTRODUCCIÓN

O ámbito de aplicación deste regulamento comprende aos usuarios de dous Centros educativos: IES Mosteirón e CEIP Plurilingüe O Mosteirón con alumnado de Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO.

1. LEXISLACIÓN

O regulamento está baseado na seguinte normativa:

- Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG de 13 de agosto de 2013)
- Orde do 21 de Febreiro de 2007 (DOG de 5 de Marzo de 2007)
- Instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso 2023/2024.

2. CLASIFICACIÓN DO COMEDOR

- Segundo o **Decreto 132/2013 do 1 de agosto**, o comedor de “O Mosteirón” está clasificado como **tipo F** (máis de 500 comensais), e a modalidade de prestación de servizos é a de **Xestión directa da Consellería**.

- Segundo a **orde do 21 de febreiro de 2007** a esta clasificación correspóndelle “1 oficial 2ª de cociña e 4 axudantes de cociña”, aínda que excepcionalmente pode contar cun reforzo de persoal “cando un centro conte cun nº de comensais superior a 400 ou que o servizo de comedor conte con máis dunha quenda”.

- Segundo a **Instrución 2/2023 do 1 de xuño**, as prazas totais son 532 con 20 vixiantes totais.

- Segundo a **orde do 21 de febreiro de 2007** no seu **artigo 8**, “o persoal de atención ao comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa seguinte ratio ...”

- IES O Mosteirón: 160 alumnos de educación secundaria.
Nº de alumnado secundaria: máis de 100
Persoal de atención: 4 persoas
- CEIP Plurilingüe O Mosteirón: 267 alumnos de educación primaria e de educación infantil.
Nº de alumnado primaria: máis de 120
Persoal de atención: 5 persoas
Nº de alumnado infantil: de 51 a 70
Persoal de atención: 4 persoas

3.- HORARIO DO COMEDOR.

O horario do comedor escolar é de 14:00h a 15:45h en unha única quenda na que comen o alumnado de ambos centros educativos usuarios do servizo.

Os responsables, colaboradores e traballadores de comedor comen nunha única quenda unha vez finalizado o servizo.

4.- FUNCÍONS DO PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN E APOIO Ó ALUMNADO.

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do persoal colaborador son as seguintes:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval de comedor.
- Axudar aos alumnos que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo do centro correspondente, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.
- En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º Ed. Primaria, sen que iso supoña a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.

5.- FUNCÍONS DO PERSOAL DE COCIÑA DO SERVICIO DE COMEDOR

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do persoal do servizo de comedor son as seguintes:

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo Consello Escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de seguridade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar ao encargado do servizo de comedor daquelas outras cuestións que afecten

ao funcionamento do servizo.

- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguraza e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

6.-FUNCIÓNS DO ENCARGADO/A DE COMEDOR

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do encargado/a de comedor son as seguintes:

- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar.

7.- FUNCIÓNS DO DIRECTOR/A DO CENTRO

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do director/a do centro son as seguintes:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor.
- Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación

vixente.

- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

8.- COMISIÓN DO SERVICIO DE COMEDOR

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor. Serán funcións da Comisión:

- Elaborar o borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor.
- Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.
- Propoñer ao Consello Escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sa e equilibrada.
- Elaborar e propoñer ao Consello Escolar un plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
- Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o Consello escolar.
- Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.

II.- OBXECTIVOS

O funcionamento do comedor escolar afecta á vida do centro e a súa utilización por parte dos alumnos non debe considerarse como algo alleo aos valores que se ensinan nas aulas.

O comedor escolar é un servizo complementario e, como tal, os usuarios deben respectar as normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) que rexen no Centro; tratarase de acadar os seguintes obxectivos:

1.-EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:

1. Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
2. Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas nas aulas.
3. Promover o consumo de tódolos alimentos (educar no gusto polos diferentes

sabores).

4. Manter posturas correctas na mesa.
5. Desenvolver hábitos sobre o uso axeitado dos utensilios de comida.
6. Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
7. Concienciar ás familias dos beneficios que poden obterse dunha colaboración cos responsables do comedor, tanto respecto á saúde como á educación nutricional dos seus fillos, así como na adquisición e desenvolvemento de hábitos correctos.

2.-EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:

1. Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
2. Promover a cooperación dos alumnos implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de comedor.
3. Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara tódolos membros da comunidade escolar.
4. Lograr un comportamento correcto na mesa.
5. Lograr un ambiente agradable evitando o exceso de ruídos.
6. Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.
7. Lograr que as entradas e saídas ao comedor sexan ordenadas.
8. Favorecer a comunicación cos compañeiros en actividades non académicas, fomentando o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia.
9. Valorar e respectar outro tipo de traballos (persoal colaborador, cociñeiros, camareiras, etc).

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA.

Tal e como se recolle no **punto 1, artigo 12**, da *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*:

“serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.”

Así mesmo, nas NOFC do IES O Mosteirón queda recollido que, como norma xeral, o comedor escolar rexeráse polas normas de convivencia establecidas para o resto dos espazos escolares.

En caso necesario, a dirección de cada centro usuario do comedor escolar aplicará a corrección disciplinaria oportuna recollida nas súas NOFC.

1-. NORMAS XERAIS

1. Os alumnos alérxicos a alimentos ou que padezan calquera enfermidade que precise dunha alimentación especial deberá presentar un **informe médico** á dirección do seu centro educativo, que o comunicará á encargada do comedor escolar.
2. As condutas contrarias ás normas de convivencia do alumnado a cargo, serán amoestadas verbalmente polos colaboradores/as do comedor escolar. En ningún caso as nais/pais colaboradores poderán aplicar unha medida correctora. É labor do profesorado colaborador ou, de ser o caso, da dirección do centro educativo correspondente aplicar as medidas correctoras oportunas.
3. A información sobre os menús estará na páxina web do IES O Mosteirón: prográmanse menús para 4 semanas que se van repetindo ao longo do curso. No caso de que se produzan variacións significativas nos mesmos, informarase ás familias a través da páxina Web. As dúbidas ou suxestións relacionadas coa elaboración do menú xeral deben trasladarse á dirección do IES O Mosteirón.
4. En caso de **ACCIDENTE** as pautas a seguir son:
 - accidente leve: Atenderase ao alumno/a e darase aviso á persoa responsable de comedor do centro correspondente que actuará segundo as NOFC establecidas no mesmo.
 - accidente grave: Chamarase ao 112 na maior brevidade e seguiranse a súas instrucións. Darase aviso ao responsable de comedor mais próximo (responsable de comedor de calquera dos centros ou encargada), que adoptará as medidas oportunas.

2-. NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR

- **Alumnado:** Os alumnos/as están obrigados a manter unha conduta apropiada no comedor escolar, da mesma maneira que en calquera outra actividade das que se desenvolven no centro.
 1. Todos os alumnos deben respectar as NOFC do seu centro educativo e as normas específicas de uso do comedor (dispoñibles en cada un dos centros educativos usuarios do mesmo e na páxina WEB do IES O Mosteirón).
 2. Os alumnos non poderán saír do recinto escolar durante el período de comedor.
 3. Seguir as indicacións que en cada momento lles fagan as persoas encargadas da súa vixilancia.
 4. Antes do inicio da comida os alumnos deberán lavar as mans e ir ao baño se o precisan (neste sentido terase especial atención cos alumnos de Ed. Infantil e Primaria para o que contarán coa axuda do profesor que imparta a última clase e/ou

persoal colaborador do comedor).

5. Os alumnos accederán ás instalacións cando a encargada ou colaboradores/as o indiquen.
6. A entrada ao comedor dos alumnos farase por grupos, con orde e tranquilidade, sen correr, nin berrar, nin empurrar aos compañeiros. En Ed. Primaria os profesores da última clase da mañá baixarán ao seu grupo de alumnos ata o corredor da entrada ao comedor onde os esperará o persoal colaborador. En Ed. Infantil o profesor terá a axuda do persoal colaborador en todo o proceso.
7. Os alumnos sentaranse no lugar que lles sexa asignado e permanecerán nel sen poder levantarse salvo co permiso dalgún responsable. Os colaboradores poderán cambiar ó alumnado de sitio previa consulta aos responsables do centro educativo correspondente.
8. Os alumnos estarán informados de quen é o persoal colaborador encargado de atender ás súas mesas.
9. Manterase en todo momento o respecto entre todos os usuarios do comedor escolar.
10. Os alumnos están obrigados a respectar aos colaboradores/as nos mesmos termos que ao profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.
11. Co fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado os alumnos e persoal, dirixiranse aos demais nun ton de voz adecuado, evitando falar cos compañeiros doutras mesas.
12. Durante a comida os alumnos empregarán os utensilios e comerán dun xeito correcto, sen xogar entre eles nin facelo coa comida.
13. Os alumnos serán responsables do deterioro por mal uso do material e utensilios do comedor.
14. Os alumnos deberán adaptarse ao menú establecido (salvo no caso do apartado 1 das normas xerais).
15. Para o alumnado de ESO e de 5º e 6º de EP, cada semana, haberá un alumno/a encargado de recoller a mesa. O persoal colaborador supervisará que isto se cumpra.
16. O alumnado de secundaria tamén colaborará na recollida das súas mesas, establecendo quendas rotatorias entre os comensais que comen en cada mesa.
17. Antes de saír, as mesas deben quedar recollidas e sen restos de comida.
18. Os alumnos non sairán do comedor ata que o persoal responsable llo indique en orde e sen interromper ao resto de compañeiros que permanecen á espera da súa saída.

- **Familias**

1. Asumir o presente protocolo en todos os seus apartados, que estará dispoñible no centro e na páxina Web para toda a comunidade educativa.
2. Orientar aos seus fillos sobre como deben comportarse durante a comida e os períodos anterior e posterior á mesma.
3. Cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas.
4. A recollida do alumno antes do inicio do comedor, seguirá o procedemento xeneral establecido por cada centro de recollida en horario lectivo.
5. Comunicar ao centro, mediante informe médico, as posibles alerxias o enfermidades que requiran un réxeme.
6. Aceptar e levar a cabo as correccións que se lle apliquen aos seus fillos ante as condutas contrarias ás normas de convivencia.
7. Presentar, **por escrito**, calquera suxestión ou observación sobre o comedor na Dirección do centro correspondente (CEIP O Mosteirón e IES O Mosteirón), xa que so así se poderá transmitir exactamente e darlle cumprida resposta.
8. Comunicar coa debida antelación ao centro as posibles faltas de asistencia ao comedor escolar.

É imprescindible contar coa implicación das familias dos alumnos usuarios do comedor para que adquiran valores educativos.

IV.- TEMPO DE LECER

1. Os colaboradores/as de comedor, distribuiranse de forma que poidan controlar tódolos espazos, farán unha amoestación verbal aos alumnos que estean ao seu cargo no caso de que presenten unha conduta contraria ás normas de convivencia e, en caso de reincidencia ou conduta prexudicial ou gravemente prexudicial para a convivencia do Centro, informarán por escrito (segundo o modelo de impreso que se lles facilitará) á dirección do centro educativo correspondente (o alumnado do IES O Mosteirón, unicamente ten tempo de lecer o luns en horario de 14:45h a 15:20h)
2. Os alumnos de Ed. Infantil e Primaria sairán aos espazos de recreo polo patio situado detrás da cociña e o pasadizo cuberto, e non poderán acceder á zona de entrada ao recinto (diante do CEIP) nin ao espazo de aparcamento situado diante da cociña e o comedor.
3. Non se permite a circulación de vehículos. O persoal colaborador deberá aparcarse fora do recinto e entrar polo acceso peonil da entrada principal.
4. Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose como tais os que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.

V.- PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS (*punto 6.2.6 da Instrución 2/2023*):

1. Os usuarios deberán facer o pagamento mensual dos prezos públicos entre o **día 1 e 20 do mes seguinte** ao da prestación do servizo,
2. Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente ao centro de ensino os días que non van a facer uso do comedor escolar **antes das 9:45h** de cada día, para así non ter que aboalos.
3. Entenderanse notificadas as liquidacións dos prezos públicos coa posta a disposición dos obrigados tributarios, nos 5 primeiros días naturais de cada mes, dos impresos de pagamento nos que constarán os elementos esenciais das cantidades a aboar. En calquera caso, a liquidación dos prezos públicos entenderase efectuada para todos os efectos o día 5 de cada mes.
4. En xeral, o pagamento dos prezos públicos poderase efectuar:
 - Nas entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento; conservando o xustificante do “pagamento para o interesado” e presentando nos centros, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de “pagamento para a Administración” debidamente validados polas entidades de cobro.
 - A través do Espazo Abalar.
 - A través da oficina virtual tributaria.
5. A falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte dos usuarios, será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro correspondente.
6. O incumprimento no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

VI.- FALTA DE ASISTENCIA AO COMEDOR ESCOLAR (*Instrución 2/2023, punto 5*)

1. Os usuarios do servizo de comedor escolar que durante o **prazo dun mes** de xeito continuado non fagan uso do mesmo, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios ante a dirección do respectivo centro educativo.
2. Os usuarios do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia **antes das 9:45 horas** do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola dirección do centro correspondente do dereito ao servizo por un período de 10 días.

VII.- USO DO COMEDOR ESCOLAR POR ALUMNOS PROCEDENTES DE OUTROS CENTROS (*punto 8 da Instrución 2/2023*):

Segundo a **instrución 2/2023 do 1 de xuño**, no apartado 8 que fai referencia ao *Uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros* indícase que:

“A Secretaría Xeral técnica da Consellería,... poderá autorizar que alumnos/as dun centro escolar accedan a un comedor que funcione noutro centro distinto.

A autorización condicionarase a que o centro que non conta con comedor achegue o número de colaboradores que corresponda en función do número de alumnos comensais incorporados ao comedor, de acordo coa ratio establecida no artigo 8.5.f da orde do 21 de febreiro de 2007.

Estes colaboradores deberán ter, preferentemente, a condición de persoal do citado centro e, en todo caso polo menos **un deles, que será quen exerza facultades de garda, control e disciplina deberá ser membro do equipo docente do centro que careza de comedor**”.

VIII.- PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN EN CASO DE COMIDA SOBRANTE (*punto 1.2 da Instrución 2/2023*):

A Instrución 2/2023 no seu apartado 1.2 indica que no protocolo de comedor regularase o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobranse, o cal se distribuirá exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social, a través do Concello e de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais de Sada, de conformidade co previsto na Instrución 3/2017 do 23 de marzo.

Isto púxose en coñecemento do Concello e da Cruz Vermella, a través do Consello Escolar, en cursos anteriores pero non se chegou a adoptar ningunha actuación. Proporase de novo ao Concello, no Consello Escolar do 6 de setembro de 2023, establecer unhas liñas de actuación para poder levar a cabo esta medida.

IX.- REDE DE ECOCOMEDORES ESCOLARES.

Ofrecer aos nosos nenos alimentos de calidade e menús equilibrados é un deber da nosa sociedade. O servizo de comedor escolar é un espazo máis de educación, no que debemos transmitir o valor dunha alimentación sa, equilibrada e variada; baseada en procesos produtivos, de transporte e comercialización respectuosos co medio ambiente.

No presente curso escolar o IES O Mosteirón tentará de seguir as recomendacións da **rede de ecocomedores escolares**, como parte dun proxecto dirixido a centros educativos con cocina *in situ*, que parte da necesidade de mellorar a alimentación da poboación infantil e xuvenil introducindo nos menús alimentos de proximidade, de tempada e ecolóxicos; mellorando así o equilibrio nutricional do menú escolar e fomentado a economía local, o desenvolvemento rural e xerando vínculos entre a agricultura local e as familias.

X.- MENÚ BASE

Este curso escolar, o comedor deste Centro incorpórase ao proxecto de **ecocomedores**, polo que subministraremos como mínimo dúas veces por semana verduras e hortalizas de orixe ecolóxico e de proximidade; tamén introdúcese peixe fresco de tempada no menú.

1ª Semana

2ª Semana

Luns	Sopa de fideos. Lombo con ensalada mixta Froita	Luns	Lentellas con chourizo Tortilla francesa con xamón e leituga. Froita
Martes	Macarróns con bonito Peixe do día á romana e ensalada Froita	Martes	Ensalada mixta con millo, mazá, olivas e cangrexo Pastel de bonito Froita
Mérc.	Lentellas con cebola e allo Ovos fritos, chourizo e arroz Froita	Mérc.	Xudías con allada Milanesa de porco con pataca frita Froita
Xoves	Enseladiña Rusa Peixe ó forno con ensalada Froita	Xoves	Fideos con polo e tomate natural Luras con ensalada. Froita
Venres	Ensalada Mixta con millo, cangrexo e espárragos. Raxo de porco con pataca cocida logur	Venres	Ensalada con leituga, tomate, cebola, cenoria, atún, olivas Filete de polo con Espaguete. logur

3ª Semana

4ª Semana

Luns	Sopa de estrelas. San Xacobe con ensalada mixta. Froita	Luns	Ensalada mixta de leituga, tomate, atún, millo e piña. Paella de tenreira e luras e vexetais. Froita
Martes	Lentellas con chourizo Peixe do día con ensalada Froita	Martes	Macarróns con tomate peixe á romana con ensalada Froita
Mérc.	Ensalada mixta de leituga, tomate, cebola atún, cenoria, olivas Ovos fritos, salchichas e arroz. Froita	Mérc.	Brócoli con patacas. Polo e patacas asadas Froita
Xoves	Crema de verduras. Caldeirada de peixe Froita	Xoves	Espaguetes boloñesa Hamburguesa de peixe con ensalada Froita
Venres	Ensalada Mixta de leituga, tomate, cangrexo, millo, mazá e olivas Raxo de polo con patacas cocidas logur	Venres	Ensalada mixta de leituga, tomate, cebola, atún, cenoria e olivas Tortilla francesa con atún e pataca cocida logur

Suxestións para introducir ó longo do curso:

- Distintos peixes que non teñan espiñas, ou que teñan poucas. (salmón, peixe espada, raia, bonito, bacalao, melva, maruca, lirio, abadexo, cazón, etc)
- Fideos con chipiróns / polo/ tenreira
- Macarróns con bonito / tomate / tenreira
- Espaguetes boloñesa / tomate / champiñóns / carbonara
- Lasaña de carne / atún
- Pastel de bonito
- Ensalada de pasta / de arroz / rusa
- Sopas de pescado / verdura / Fideos / cus-cus / estrelas.
- Cremas de verduras con cabaciña / cenoria / cabaza
- Caldo de nabizas / repolo
- Xudías con xamón / ovo cocido / salsa de tomate natural
- Chícharos con xamón / ovo cocido
- Brócoli / Minestra / Coliflor
- Repolo guisado
- Callos
- Fabada
- Lentellas
- Potaxe
- Empanada
- Empanadillas
- Croquetas
- Ovos fritos con chistorra / chourizo/ salchichas acompañados de patacas ou arroz.
- Tortilla española
- Tortilla francesa con xamón / queixo / atún
- Cocido con repolo costela e chourizo
- San Xacobe
- Hamburguesas de peixe fresco
- Hamburguesas de polo / tenreira / mixtas
- Albóndegas con arroz ou patacas
- Xamón asado / Codillo asado
- Roti de porco recheo
- Tenreira asada / guisada / á xardineira
- Raxo de porco / polo
- Zorza
- Filetes rusos
- Milanesa

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI APROBADO NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO NO IES O MOSTEIRÓN O 5 DE DECEMBRO DE 2013.

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI ACTUALIZADO SEGUNDO A INSTRUCIÓN 1/2014 E APROBADA ESTA ACTUALIZACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 27 DE OUTUBRO DE 2014.

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI ACTUALIZADO SEGUNDO A INSTRUCIÓN 1/2015 E APROBADA ESTA ACTUALIZACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 29 DE SETEMBRO DE 2015 (ANEXO I).

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI ACTUALIZADO SEGUNDO A INSTRUCIÓN 1/2016 E APROBADA ESTA ACTUALIZACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 13 DE SETEMBRO DE 2016 (ANEXO I).

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI ACTUALIZADO SEGUNDO A INSTRUCIÓN 4/2017 E APROBADA ESTA ACTUALIZACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 12 DE SETEMBRO DE 2017 (ANEXO I).

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI ACTUALIZADO SEGUNDO A INSTRUCIÓN 1/2018 E APROBADA ESTA ACTUALIZACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 11 DE SETEMBRO DE 2018 (ANEXO I).

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI ACTUALIZADO SEGUNDO A INSTRUCIÓN 2/2019 E APROBADA ESTA ACTUALIZACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 12 DE SETEMBRO DE 2019 (ANEXO I).

ESTE PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR FOI ACTUALIZADO SEGUNDO A INSTRUCCIÓN 2/2023 E APROBADA ESTA ACTUALIZACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O 6 DE SETEMBRO DE 2023 (ANEXO I).